# Álvarez Blázquez (fotobiografía)

**Alfonso Álvarez Cáccamo**

*Edicións Xerais. 184 páxinas*

A presente obra, coordinada por Alfonso Álvarez Cáccamo, fillo de José María Álvarez Blázquez e o primeiro dos seus biógrafos, recolle un detallado percorrido fotobiográfico (con catrocentas imaxes e fotografías, unha boa parte delas inéditas ata o momento) sobre a peripecia vital e a traxectoria literaria da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2008. Inclúe ademais a semblanza de Xosé María Álvarez Cáccamo "Notas para o álbum da vida de Xosé María Álvarez blázquez" e o ensaio de Darío Xohán Cabana "A forxa dun esculcador". O volume complétase cunha ampla cronoloxía e bibliografía sobre o escritor e editor.

